

## **MEMORIA XUSTIFICATIVA E ECONÓMICA DO CONVENIO TIPO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E 11 FEDERACIÓNS ESPAÑOLAS PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DEPORTIVO DE ALTO RENDEMENTO E UN PROGRAMA ESTATAL NO CENTRO GALEGO DE TECNIFICACIÓN DEPORTIVA**

### **Antecedentes**

A Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral para o Deporte é titular do Centro Galego de Tecnificación Deportiva (en adiante CGTD), clasificado polo Consello Superior de Deportes como centro de tecnificación, en virtude da Resolución do 27 de maio de 2014, da Dirección Xeral de Deportes, pola que se clasifican as instalacións e os programas deportivos para o desenvolvemento do deporte de alto nivel e de competición.

No CGTD desenvólvense, de forma coordinada coas correspondentes federacións galegas, distintos programas deportivos de tecnificación e alto rendemento, entre os que se atopa o as modalidades deportivas de atletismo na especialidades de lanzamentos, bádminton, judo, loita, natación pura e natación en augas abertas e natación artística, piragüismo en augas bravas (sláalom) e piragüismo en augas tranquilas, remo, taekwondo, triatlón, vela e ximnasia acrobática, trampolín e artística.

### **Xustificación**

É interese da Secretaría Xeral para o Deporte que os programas poidan ser recoñecidos, en atención aos requisitos da Resolución do 10 de xaneiro de 2014 do Consello Superior de Deportes, pola que se clasifican as instalacións deportivas e os programas deportivos para o desenvolvemento do deporte de alto nivel e de competición, a efectos do previsto na Orde ECD/2681/2012, do 12 de decembro, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións e axudas polo Consello Superior de Deportes, como Programas Deportivos de Alto Rendemento e Programas Deportivos Estatais.

Segundo o disposto no punto terceiro 1) e 2) da referida Resolución do Consello Superior de Deportes do 10 de xaneiro de 2014, é preciso a concorrencia, xunto a outros requisitos, dun convenio de colaboración coa Federación Española respectiva.

## **Obxecto**

O obxecto do convenio é establecer a colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, coas Federacións Españolas de atletismo, bádminton, judo, loita, natación, piragüismo, remo, taekwondo, triatlón, vela e ximnasia, co fin de dotar aos programas dos requirimentos necesarios para a súa clasificación como Programas Deportivos de Alto Rendemento e Programas Deportivos Estatais, conforme aos criterios establecidos na Resolución do 10 de xaneiro de 2014 do Consello Superior de Deportes, pola que se clasifican as instalacións deportivas e os programas deportivos para o desenvolvemento do deporte de alto nivel e de competición, a efectos do previsto na Orde ECD/2681/2012, do 12 de decembro, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións e axudas polo Consello Superior de Deportes.

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, comprométese a:

- Facilitar o uso das instalacións deportivas do CGTD polos deportistas e técnicos dos grupos de adestramento incluídos nos programas, axustándose ás condicións establecidas na convocatoria de prazas publicada anualmente.
- Facilitar o acceso aos servizos médicos e de fisioterapia do CGTD dos deportistas dos grupos de adestramento incluídos nos programas, axustándose ás condicións establecidas na convocatoria de prazas publicada anualmente.
- A Secretaría Xeral para o Deporte comprométese a fomentar a asistencia dos deportistas adscritos aos programas respectivos cando as Federacións Españolas os convoque a concentracións ou calquera outra actividade deportiva co equipo nacional.

- A Secretaría Xeral para o Deporte valorará as solicitudes de inclusión de deportistas doutras comunidades autónomas ou outros países que sexan propostos, de maneira excepcional, pola Federación Española de \_\_\_\_\_ en cada unha das tempadas deportivas.
- A participación conxunta da Secretaría Xeral para o Deporte e das Federaci3ns Españolas nestes programas non suporá a adquisición de máis compromisos que os estipulados no presente convenio; con todo, desde calquera das partes asinantes poderanse abrir novas liñas de actuación que fomenten un mellor desenvolvemento dos programas de tecnificación e de alto rendemento motivados polo desenvolvemento de novas especificidades deportivas ou pola aparición de novas esixencias que impliquen melloras metodolóxicas.
- A firma deste convenio non implica, por parte da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, compromiso de gasto con cargo ás partidas orzamentarias do estado de gastos dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

A vixencia do presente convenio esténdese desde o momento ata un período de catro anos dende o momento da súa sinatura, salvo denuncia de calquera das partes e podendo ser prorrogado, por acordo expreso de ambas partes, por outros catro anos correspondentes a un período olímpico máis, formalizado por escrito antes do último mes anterior á súa finalización.

### **Custo**

O CGTD é un centro público de formación deportiva dependente orgánicamente da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e funcionalmente da Secretaría Xeral para o Deporte, encargado das competencias vinculadas ao fomento e promoción da cultura física e o deporte en Galicia.

Anualmente publícanse as bases reguladoras e se convocan a concesión de prazas para o CGTD, co fin de facilitar o adestramento dos deportistas de tecnificación e rendemento.

O CGTD é unha instalación que permanece aberta todo o ano, conta con persoal laboral propio e presta os seus servizos no que respecta a manutención e asistencia dos bolseiros e ao mantemento do centro. Por outra banda existen dous tipos de servizo externalizados, seguridade e limpeza, o que se especifica aos efectos de xustificar que os gastos están aprobados xa que forman parte do



sostemento e mantemento ordinario do centro durante todo o ano, e aos efectos do previsto no artigo 3.2 do decreto 11/2009 do 8 de xaneiro.

O custes do CGTD fináncianse con cargo a diferentes partidas dos Capítulos I e II e VI do orzamento de gastos da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, correspondentes ao programa de gasto 441A da Secretaría Xeral para o Deporte, dos que se realiza unha estimación para do exercicio 2024:

<b>GASTOS DO CENTRO GALEGO DE TECNIFICACIÓN DEPORTIVA 2024</b>	
<b>CONCEPTO</b>	<b>CONTÍA ECONÓMICA (€)</b>
1.- Persoal do centro	1.228.798,45
2.- Persoal técnico deportivo	724.537,68
3.- Reparacións, mantemento e conservación	48.460,76
4.- Subministracións	161.847,13
5.- Traballos realizados por outras empresas	363.053,20
6.- Inversións	162.110,61
7.- Gastos de alimentación de deportistas	220.579,65
<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>2.909.387,48 €</b>

En base ao exposto anteriormente, a sinatura dos convenios de colaboración non implican un impacto económico nos orzamentos da secretaría xeral para o Deporte, prevéndose que todas os compromisos atenderanse coa dotación orzamentaria coa que conte anualmente esta secretaría xeral para o Deporte para o mantemento do CGTD.

Santiago de Compostela,

O secretario xeral para o Deporte

José Ramón Lete Lasa

*(documento asinado dixitalmente)*